

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL ZAS

Anuncio da convocatoria de prazas de socorristas e operarios de vixilancia, mantemento e limpeza das piscinas municipais

Anuncio da convocatoria de dúas prazas de socorristas e catro prazas de operario de mantemento, limpeza e vixilancia das piscinas municipais de Baio e Zas

Por resolucións da Alcaldía, de data 9 de xuño de 2016, aprobáronse as bases de selección, na modalidade de contratación laboral temporal, de 2 prazas de socorristas a xornada completa e 4 prazas de operarios de mantemento, limpeza e vixilancia de piscinas, a xornada parcial.

O prazo de presentación de instancias é de catro días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. As persoas interesadas poderán consultar as bases no taboleiro de anuncios da casa consistorial e na páxina web do Concello de Zas (www.concellodezas.org).

Zas, 10 de xuño de 2016.

O alcalde

D. Manuel Muíño Espasandín

2016/4983